



Rosalía va á escola, onde aprende a escribir, que para iso ten seis anos. O seu pai comproulle un lapis, moi, moi especial, porque resulta que era un lapis desobediente!

ANTÓN CORTIZAS dedicase ó ensino e, desde hai moitos anos, escribe para nenos. Con «Memorias dun río», gañou en 1988 o Premio O Barco de Vapor, e o do 1991 con «O conto dos sete medos». Ediciones SM publicou tamén o seu libro «Xiganao, ¿onde estás?».

Primeiros lectores



Antón Cortizas
O lapis de Rosalía




Ilustracións de Margarita Menéndez



2ª EDICIÓN

Rosalía desculpouse
cos seus seis anos:
—Profe, eu quixen escribir
o que ti mandaches;
pero o lapis escribiu outra cousa.
—Conque tes un lapis desobediente
que non fai o que lle mandas, ¿eh?
—burlouse a mestra—.
A ver se che segue
desobedecendo. Escribe:

«—¿Mira Memo o meu mono?
—Si, mira o meu mono, Memo.
Mínimo, nómina, mómaro.»



A nena de seis anos
escribiu todos eses emes.
Sentiuse cansa.
Dáballe a sensación
de que era unha alpinista
que escalaba montañas.
O lapis deixaba no papel
o seu alento cincento.
Era como se lle sangrase
a punta
do seu único dedo de mina.
—¡Deixame ver o que escribiches!


Sen darlle tempo a nada,
a mestra tiroulle a libreta
e empezou a ler:

*«Unha vez era un vento ventón
que usaba chapéu de limón.»*

Tódolos nenos e nenas da clase
sorriron, pois imaxinaban
un vento moi elegante
con sabor a limón.



E pensaban que cando fixese ese
vento, sacarían a lingua
e sería como chupar
un caramelo de limón.
Pero a mestra non se estaba
relambendo.
Berraba aínda máis.
—¿Ti pensas que me podes
enganar a min?
¿Pensas que vou crer
que ti non escribiches
isto adrede,
e que o lapis escribe
o que lle dá a gana?
Quitoulle o lapis e amosóullelo
a toda a clase. E dixo:
—Nenas e nenos, aquí está
o ditoso lapis de Rosalía.
Vouvos demostrar que escribe
o que eu quero que escriba
e non outra cousa.



Rosalía sentíase avergoñada.
Dáballe moita rabia
que a mestra pensase
que lle estaba tomando o pelo...
Non era verdade.
A Rosalía
estábanselle mollando os ollos.

—Non poñas esa cara e atende
—díxolle a mestra—. Vou escribir
eu mesma co teu lapis:

«—Toma o teu té, Timoteo.
—Tomo o té en tres tazas.»

Timoteo



A mestra escribiu nunha folla
tal como dixo.
Nada máis acabar
de poñe-lo punto,
deulle a folla a Rosalía
e díxolle:

—¡Ala, le! E moito coidadiño
co que dis,
que eu ben sei o que puxen.

Rosalía balbucía e tatexaba.
Non sabía ler moi ben, aínda.
Ademais,
estaba moi afluxida
e viñalle o himpo.



Entón leu,
case sen atreverse:

*«Non
me
gusta
escribir
parvadas.»*

Á mestra
case lle dá un desmaio.
Arreatoulle a folla
dun golpe.
Mesmo lle arrincou
unha esquina
do tirón que lle deu.

Rosalía coincidía co seu lapis
en que de verdade
é unha parvada
toma-lo té
en tres tazas.

Así que o enfado
da mestra
xa non lle afectaba tanto:
estaba contenta
do listo que era o seu lapis.



Á mestra saíalle
a carraxe polos ollos,
pola boca,
polos oídos,
polos botóns da blusa,
e tamén polo nariz.
Semellaba
un dragón botando fume.

E así,
botando fume,
leu en voz moi alta,
tan alta
que chegou ata o teito:

*«Non me gusta
escribir parvadas»*



Como lera tan apurada
non lle deu tempo
a darse de conta
do que estaba a ler
ata que xa o tiña todo lido.
Porque,
efectivamente,
iso era o que estaba
escrito na folla.

Coa rabia que lle deu,
a mestra púxose toda vermella,
coma un semáforo en vermello.
E tardou moito tempo
en poñerse en verde.

Ó final tivo que recoñecer,
diante de todos,
que o lapis de Rosalía
non escribía
o que lle mandaban,
senón o que el quería.



Correuse a voz por toda a escola:

—Rosalia ten un lapis que escribe o
que lle peta.

Todos querían escribir
con ese lapis.



Diante da porta da aula
formouse unha cola moi
loooooooooooooooooonga
de nenas e nenos
que querían escribir
co lapis especial
para nenas de seis anos.

Algúns ofrecíanlle tres bolinches
por deixarlles escribir
unha palabra.
Outros ofrecíanlle
un cacho de chicle.
E algúns non ofrecían nada
porque non tiñan nada;
pero dicíanlle
que cando tivesen
unha galleta de chocolate
deixaríanlle
lambe-lo chocolate.

—Anda, Rosalía, déixame escribir
só unha palabra— pedíalle un
compañeiro.

esternocleidomastoideo

Rosalía deixábao.
O neno quería escribir OLA,
todo con maiúsculas,
e púxose a escribilo con moita
atención.
Pero o lapis non escribía OLA,
senón
esternocleidomastoideo,
e todo con minúsculas.



—Esterno ¿que? —preguntoulle o neno a Rosalía, pensando que, como era a dona do lapis, tiña que sabelo por forza.

—Non sei —contestoulle Rosalía—, pero vés de escribir unha palabra moi difícil.

O rapaz marchou moi finchado, contento de ter escrito unha palabra tan complicada.



Rosalía volveu afia-lo lapis.
Afiouno moi a modiño,
para que se lle gastase menos.

Déixame facer só un debuxiño
—pediulle outra amiga.
—Toma, pero faino moi pequeno,
que se me gasta.

A nena, botando a lingua de fóra,
porque o quería facer ben,
debuxaba un peixe con forma de
peixe; pero o lapis debuxaba unha
máquina calculadora con forma de
raqueta de tenis.

Á nena fixolle tanta ilusión
debuxar co lapis de Rosalía
que pegou un brinco
de contenta.
Pero deu contra a mesa
e, sen querer,
tirou o lapis ó chan
e rompeulle a mina.



Sobre a mesa de Rosalía
nevaba en gris
unha fariña cincenta,
que era coma se o lapis
estivese a sangrar
soños aínda nunca soñados.

Rosalía afiou aínda tres ou catro
veces máis o seu lapis especial
para nenas de seis anos.
Saíron tres ou catro labras
morenas, coma avelaíñas que
caían a durmir sobre a mesa.


—Non o quero afiar máis —dixo de repente—, que me estou quedando sen lapis. Mirade como queda xa. A meniña ensinou o letreiro que estaba escrito ó longo do lapis, e que agora só poñía:



Logo gardou o lapis no seu estoxo, para que ningún máis escribise con el. Pero os compañeiros insistíanlle, e a cola dos que esperaban para escribir era cada vez maior.



Nisto soou o timbre,
e nun santiamén
quedou despexado todo,
pois era a hora do recreo.



Rosalía ficou soa na clase
e respirou aliviada.
É bastante canso ser dona
dun lapis que non escribe
o que lle mandan, senón
o que lle peta.

Mirou a todas partes para
cerciorarse de que non había
mouros na costa.
Sacou o lapis do estoxo,
e pensou en escribir:

Que marabilloso é ter un lapis
que escribe o que lle parece.

Pero o lapis non escribiu iso,
senón estoutro:

*«Que agradable é estar na man
dunha nena de seis anos.»*



E Rosalía,
que estaba a seis anos de
distancia do día en que naceu,
agarrou o lapis
con todo o seu querer,
e aloumiñoulle a mina.
Deulle unha interminable
aperta cos seus suaves
dedos de seis anos.
Mirou para el
con seis toneladas de dozura,
e botoulle
un agarimoso sorriso
de seis anos de alegría.

